

Portuguese-Language
Network of Urban Morphology

PNUM 2017

4-7 SETEMBRO
A CORUNA

3 CRÉDITOS ECTS

organizan:



DEPARTAMENTO PAUC
ÁREA DE URBANÍSTICA E
ORDEACIÓ DO TERRITORIO



ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE
ARQUITECTURA DE A CORUÑA

+INFO:

pnumcoruna17.wordpress.com
morfoloxiaurbana2017@gmail.com
+34 881 87 27 67

inscripción:

<https://goo.gl/mszxNI>
DO 19 DE MAIO AO 30 DE XULLO

matrícula:

50€ - ESTUDANTES E PERSOAL UDC
80€ - NON UNIVERSITARIO
BECAS GRATUITAS AOS PRIMEIROS INSCRITOS

colaboran:



 CURSO DE VERÁN
DA UDC

OBRADOIROS DE MORFOLOGÍA URBANA

OBXECTIVOS

As xornadas de morfoloxía urbana da UdC, buscan recoller o testigo deixado polas experiencias do PNUM en 2015 e 2016, tentando no encontro de A Coruña (na ETSAC e a Fundación Seoane) establecer unha reflexión sobre a situación actual da Cidade Europea. Toda mudanza da estrutura habitacional existente, deberá basearse nunha profunda comprensión das leis e resortes que a estruturan, comprendendo as súas potencialidades certas e poñendo en valor a flexibilidade e capacidade de adaptación que xa ten demostrado. É por isto que se plantexa unha análise apoiada en 5 liñas de pensamento que permitan ao participantes dotarse dos medios necesarios para abordar os actuais e futuros retos de redefinición das formas urbanas. As liñas sobre as que apoiar a reflexión e o traballo serán as seguintes:

– Escola Italiana
– Escola Anglosaxona
– Escola Francesa
– Escola Catalana
– Space Syntax

Empregando os diferentes métodos de análise, e nunha estrutura de obradoiro, os asistentes ocuparán dúas xornadas e media ao entendemento da Área Urbana de A Coruña, achegándose detidamente a cada unha das súas partes definitorias:

1. DA PRAZA DA FARIÑA AO PARROTE – OS TECIDOS DE ORIXE MEDIEVAL
2. A PEIXERÍA – SAN ANDRÉS – OS TECIDOS DO ARRABAL MARIÑEIRO
3. O ENSACHE DA ESTACIÓN – OS CASTRO – OS TECIDOS DA CIDADE MODERNA

ALUMNADO

Estudantes de arquitectura e urbanismo, socioloxía, xeografía, historia ou enxeñería de camiños, así como persoas egresadas e mesmo alumnado de mestrado e doutoramento, con interese no urbanismo e a construción da cidade contemporánea.

TITORES E PARTICIPANES

– Giuseppe Strappa – Arquitecto italiano
– Xose Lois Martínez – Arquitecto galego
– David Leite – Arquitecto portugués
– Laura Vaughan – Arquitecta británica
– Vitor Oliveira – Arquitecto portugués
– Alfonso Díaz – Arquitecto galego

– Teresa Marat – Arquitecta portuguesa
– Cristina García Fontán – Arquitecta galega
– Cándido López – Arquitecto galego
– Ismael Pensado Veloso – Douor de Historia
– Xurxo Souto – Artista, poeta
– Manuel García Docampo – Sociólogo galego

– María José Piñeira – Xeógrafa galega
– Carlos Nárdiz – Enxeñeiro galego
– Ibon Bilbao – Arquitecto catalán
– Valerio González – Arquitecto galego
– David Río – Arquitecto galego

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

DIA 01

- Apertura do Curso – (Con representación da organización e as entidades colaboradoras)
- Conferencias explicativas das diferentes abordaxes metodolóxicas.
- Conferencia 1 – Escola Italiana (55 min)
- Conferencia 2 – A Escola Catalana (55 min)
- Conferencia 3 – O estudo morfolóxico no marco do PNUM (55 min)

14:00— DESCANSO PARA O XANTAR (120 min)

- Conferencia 4 – O SpaceSyntax (55 min)
- Conferencia 5 – O Análise Espacial (55 min)
- Conferencia 6 – A aproximación tipo-morfolóxica (55 min)
- Mesa Redonda: Moderado por CRISTINA GARCÍA FONTÁN (75 min)

DIA 03

- 10:00 OBRADOIRO DE ANÁLISE
Coordinadores: Cristina García Fontán, Cándido López González (GAUS), Vitor Oliveira (Isuf/PNUM)
Titores: Vitor Oliveira, Teresa Marat, David Leite, Alfonso Díaz, Cristina García, Cándido López, Jose M.V. Mosquera
Apoio: Valerio González e David Río
- 13:00 SESIÓN CRÍTICA

14:00— DESCANSO PARA O XANTAR (120 min)

- 16:00 OBRADOIRO DE ANÁLISE
Titores: Vitor Oliveira, Teresa Marat, David Leite, Alfonso Díaz, Cristina García, Cándido López, Jose M.V. Mosquera
Apoio: Valerio González e David Río

20:00 PECHE DO DÍA

DIA 02

- 10:00 Presentación do ámbito de traballo e visita de campo.
Exposición por parte do equipo organizador, liderada e guiada por XURXO SOUTO e ISMAEL VELO PENSADO.

14:00— DESCANSO PARA O XANTAR (120 min)

- 16:00 OBRADOIRO DE ANÁLISE
Titores: Vitor Oliveira, Teresa Marat, David Leite, Alfonso Díaz, Cristina García, Cándido López, Jose M.V. Mosquera
Coordinadores e apoio: Valerio González e David Río

20:00 PECHE DO DÍA

DIA 04

- 11:00 OBRADOIRO DE ANÁLISE
Titores: Vitor Oliveira, Teresa Marat, David Leite, Alfonso Díaz, Cristina García, Cándido López, Jose M.V. Mosquera
Apoio: Valerio González e David Río

14:00— DESCANSO PARA O XANTAR (120 min)

- 16:00 PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS E JURY FINAL
JURY: Vitor Oliveira, Manuel García Docampo, María José Piñeira, Xosé Lois Martínez, Carlos Nárdiz

20:00 PECHE DOS ENCONTROS

escola italiana

A experiencia italiana de “ANALISE MORFOTIPOLOXICA” cos estudos realizados por Saverio Muratori dende os anos 30 e materializados na súa obra “Studi per una operante storia urbana de Venezia” (1959).

A Escola Muratoriana Italiana (tipologia edilizia) desarróllase a partir das investigacións lideradas no Instituto de Arquitectura de Venecia por partir das que se expandirán en múltiples direccións as investigacións e traballos de Vittorio Gregotti, Carlo Aymonino (1963) sobre a relación dialéctica e non casual entre forma urbana e tipoloxía edificatoria, Aldo Rossi (A arquitectura da cidade.1966) e os traballos desarrollados no I SIAC (Galicia 1975) e as investigacións e traballos de Giancarlo Cataldi (Per una scienza del Territorio (1977), Lezioni di Architettura (1981) Caniggia, Maffei, María Grazia Corsini, ou na Península os traballos de Alfonso del Pozo y Barajas (Análisis Urbano. Textos. 1997, Arrabales de Sevilla. Morfogénesis y transformación, 1996.

“Saverio Muratori e a escola de tipologia projetual” Giancarlo Cataldi, Gian Luigi Maffei e Paolo Vaccaro.

escola anglosaxona

Cos antecedentes das investigacións de MRG Conzen propicia unha aproximación histórico xeográfica que desenvolve conceptos como Finge Belt.

A Escola Inglesa tamén enlazada cos traballos de ingleses e estadounidenses, sobre o Townscape, a paisaxe urbana e o movemento que incorporaron a visión resultante do desprazamento peonil ou en vehículo, elaborando imaxes secuenciais nas que a variacion do campo visual do espectador vólvese determinante, nunha sociedade na que a velocidade vai invadindo a cotidianidade ata o punto de influir decisivamente na disposición e visualización do espazo público e das prácticas sociais que nel se xeran.

TOWNSCAPE. O plano da cidade: sistemas de RUAS, PARCELAS e EDIFICACION nas que son relevantes as investigacións sobre a cuestión do límite (fringe belt), o ciclo da parcela burguesa (burgage cicle), e o concepto de rexión morfolóxica
Investigador fundamental é o xeógrafo M. Conzen que no seu texto sobre Alnwick establece unha metodoloxía de análise a partir do plano 2D (Rúas, Parcelas, Edificación) e en 3D (volume, elevación) engadindo por último os usos do solo.

escola francesa

De longa tradición xeográfica, histórica e sociolóxica (Lavedan, Marcel Poëte, Henri Pirenne,etc) e que se revitaliza co filtro estruturalista na década dos sesenta cos traballos de Henry lefebvre (O dereito á cidade, 1966, A revolución Urbana, 1969) e Francois Choay (Utopias e realidades, 1965) que dende o marxismo abren a cidade e o planeamento urbano ao debate do 68.

A cidade como escenario por excelencia da acumulación do capital, e o Planeamento como disciplina "científica" que diseña os instrumentos técnicos, de ordenación, de xestión e de disciplina, non neutrais nin inocentes, que serán utilizados polos grupos hexemónicos para impor un modelo de "cidade" e para o control do seu desenvolvemento urbano durante o ultimo cuarto do século XIX e XX.

A través desta mirada, o plan concreta o desenvolvemento das diferentes estratexias posibles, na loita polo espazo entre as diferentes clases sociais, ao tempo que se constitúe como eficiente instrumento de acumulación de capital coa apropiación privada da "renta urbana" e das plusvalías derivadas ben do propio Plan ou ben dos efectos económicos derivados das inversións públicas en infraestruturas, equipamentos e servizos.

escola catalana

A Escola de Barcelona, Catalunya: “As formas de crecemento urban” ... abre o campo ao "urbanismo urbano", ao proxecto urbano e a identificación das operacións de Parcelación (P), Urbanización (U), Edificación (E) e as suas combinatorias como fases do proceso de creación das formas urbanas prototípicas dos diferentes tecidos da cidade europea (Ensanches (P,U,E), Polígonos (PU, E) Asentamentos marxinais (PUE).

O texto clave producido no Laboratorio de Urbanismo da ETSAB, baixo a dirección de M. Solá–Morales que impulsa a difusión no Estado de textos. Os traballos de Font Arellano, Busquets, Eizaguirre, Parcerisa... alcanzaron un alto nivel de difusión universitaria e profesional colocando o proxecto urbano e a escala intermedia como referencias académicas imprescindibles nas universidades a nivel mundial. Unhas investigacións que servirán de sólida cimentación teórica para prácticas urbanísticas exemplares (Barceloneta, Centro Histórico de BCN, CH Toledo, etc...).

A Urbanística como disciplina ten adoptado un punto de vista e aporta un instrumental operativo moi elaborado que adquire un protagonismo fundamental para enfrontarse ao proxecto tanto académico–universitario como profesional.

space syntax

O SPACE SYNTAX trátase dun enfofoque xeográfico que abarca un conxunto de toería e técnicas para a análise das configuracións espaciais. Baséase no feito de que nun entorno urban tódolos espazos están interconectados e polo tanto cada parte deber comprendida per se e como parte do todo.

Orixinariamente concebida por Bill Hillier, Julienne Hanson e outros investigadores da UNIVERSITY COLLEGE OF LONDON a finais da década dos 70, comezou a ser empregada a principios dos 80 do pasado século XX como unha ferramenta de apoio para os arquitectos, afondando no entendemento dos efectos sociais dos deseños (a traveso do emprego de simulacións).

Esta aproximación representa unha importante ferramenta de análise da morfoloxía urbana, perseguindo a predicción do comportamento espacial humano nos entornos urbanos. Recentemente está moi presente na actividade planificadora, debido á aparición dos sistemas SIX, cos cales se complementan e dos que se enriquece enormemente a cantidade e calidade dos datos a computar.

Hillier B. y Hanson J. (1984), The Social Logic of Space, Cambridge University Press: Cambridge. Hillier B. (1999), Space is the Machine: A Configurational Theory of Architecture, Cambridge University Press.